

**ASUNTO:** Alegacións ao ACORDO do 18 de decembro de 2025, do Departamento Territorial de Lugo, polo que se someten a información pública a solicitude de autorización administrativa previa, a autorización administrativa de construción e o estudo de impacto ambiental (EIA) do proxecto do parque eólico Ferroedo, sito nos concellos de Bóveda e O Saviñao (Lugo), promovido por Ferroedo Eólica, S.L.U. (expediente IN408A 2024/016).

Dona/Don \_\_\_\_\_ con DNI. núm. \_\_\_\_\_, con domicilio a efectos de notificacións en \_\_\_\_\_, municipio de \_\_\_\_\_, provincia \_\_\_\_\_,

**EXPÓN:** Á vista do mencionado ACORDO do Departamento Territorial de Lugo, relativo ao proxecto do parque eólico Ferroedo, sito nos concellos de Bóveda e O Saviñao (Lugo), promovido por Ferroedo Eólica, S.L.U. (expediente IN408A 2024/016); por medio do presente escrito realiza as seguintes ALEGACIÓNS:

**O parque eólico Ferroedo afecta severamente á Reserva da Biosfera Ribeira Sacra e Serras do Oribio e Courel**, moi directamente nos concellos de Bóveda e O Saviñao. O impactos ambientais afectan gravemente aos territorios que circundan a Serra das Penas e as concas fluviais dos ríos Mao, Cabe, Sil e Miño dentro do seu raio de impacto ambiental.

**Afección severa e irreversible á saúde e ao benestar das persoas que viven, residen e traballan nos núcleos numerosos rurais afectados.** Entre as moitas aldeas directamente afectadas polo parque eólico Ferroedo están: A Raiña, Rebordondiego, A Broza, A Ribeira, Agroxoi, Albariza, Ourigo, Ribela, Vilarello Aiaz, Albín, A Retorta, A Casanova, Lamas, O Carballiño, Ousende, As Campazas, Xesto, Bustelo, Regulfe, O Couso, Piñeiro, A Lama, A lomba, Pando, San Mamede, Navallos, Figueira, Fiolleda, Marexe, Martín, Lamela, Marzán, Val de Miotos, Vilalpape, A Áspera, Ver, Bóveda, A Chá, Vilaboa, Vales, Souto, A Ribeira, Remesar, Folgar, A Portaxe, Preselas, O Sacadoiro, Espiño, Ourille, A Carballosa, Fontaíña, Vilarbuxán, Eimer, Pacio do Río, San Fiz, Rubián, O Gruñado, Vilar da Vara, Amedo, Barbaín, Fruxil, Rubián de Cima, Zouro, A Matanza, A Carballosa e un longuíssimo etcétera.

**Afección severa e prexuízos serios e irreparables para as explotacións agro-gandeiras da área de afección do proxecto.** A empresa promotora non avaliou os impactos sobre as economías destas explotacións familiares, tanto dos aeroxeradores como da liña de evacuación e do resto de infraestruturas asociadas.

**O proxecto eólico Ferroedo é incompatible cos usos e a fertilidade actual das terras.** As cimentacións do parque, xunto coa remoción de toneladas de terra previstas para a súa implantación, altera de forma irreversible a cuberta vexetal e os recursos hídricos, producindo erosión da cuberta vexetal e a medio e longo prazo a desertificación da área afectada, xa que a perda da cuberta vexetal fai que se perda a súa funcionalidade e aptitude agrícola, gandeira e forestal actual de xeito irreversible.

**Vulneración flagrante da Lei 7/2012, de 28 de xuño de Montes de Galicia,** ao dificultar a multifuncionalidade dos montes que configuran a Serra das Penas e outras serras asociadas a esta, as pradeiras e terras de cultivo, perxudicando enormemente as economías das persoas afectadas. A zona de afección severa do parque eólico Ferroedo esténdese desde a Serra das Penas, Serra da Pena, Serra de Penalba, Serra de Agrelos, Serra da Broza, Chao da Broza, Serra de Agroxoi, Coto dos Chaos, Monte do

Folgar, Serra de Reboredo, Serra do Couso, Serra de Marexe e moitas outras unidades edafolóxicas e taxonómicas dos solos.

**Afección severa e prexuízos irreparables para o patrimonio cultural, arqueolóxico, miradoiros, roteiros etc., provocando a súa descontextualización.**

Non se avaliou o patrimonio cultural material nin o inmaterial. Non avalía o incremento do feísmo paisaxístico e afección severa á calidade de vida das persoas. Afectará severamente ao miradoiro do Alto do Coto ou da Serra das Penas, castro da Broza (perto da aldea da Broza), castro da Mourindá, castro de Riaño, castro de Carrouba, muíño do Chirlo, Muíño do Fidalgo, muíño do Estanqueiro, muíño da Carballada, miradoiro da Veitureira (cunhas vistas excepcionais: Pena Trevinca, Manzaneda, O Courel, Ancares, Xurés, Cordal Galega...); ferraría de Penacoba; capelas do Ecce Homo, de San Xil; igrexas de Guntín, Martín, Remesar, San Fiz, Vilabuxán, Freituxe, Teilán, Tuimil e moito máis patrimonio.

**Afección moi severa e prexuízos irreparables para biodiversidade e na Reserva da Biosfera Ribeira Sacra e Serras do Oribio e Courel.** Non se avaliou o impacto ambiental das instalacións e infraestruturas eólicas, que eliminan hábitats naturais prioritarios e de interés comunitario, eliminan o humus e degradan a capacidade agrolóxica das terras, recursos naturais non renovables e escasos, que deben ser preservados. Falta un estudo onde se avalíen os impactos sobre a fauna, a flora e o resto da biodiversidade.

**Afección moi severa e prexuízos significativos para os recursos hídricos. Vulneración flagrante da Directiva Marco dá Auga (DMA).** Ausencia dun estudo hidrolóxico e hidroxeolóxico que garanta a calidade e a conservación das masas de auga superficiais, das zonas húmidas dos acuíferos.

**Afección severa e prexuízos irreversibles para o sistema de zonas húmidas na zona de afección do proxecto.** Desde as zonas altas os efectos severos esténdense polos ríos Sardiñeira, Veitureira, do Portiño, Teilán, Noceda, Pez, regato de Santiago, de San Martiño, de Zouro, da Ribeira, da Pena Sobreira, do Fondón, de Eimer, de Penacova, de Pedrairo, da Porqueira, do Nevoeiro e moitos outos.

O parque eólico Ferroedo carece de toda utilidade pública ou interese social, xa que non pode ampararse en ningunha planificación sectorial eólica e vulnera de forma flagrante a *Lei 21/2013, de 9 de decembro de avaliación ambiental*.

En virtude do anterior,

**SOLICITA:**

1.- O rexeitamento do proxecto do parque eólico Ferroedo, denegando a autorización administrativa previa, denegando a autorización administrativa de construción e rexeitando o estudo de impacto ambiental (EIA).

\_\_\_\_\_, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_\_\_

Asdo.: \_\_\_\_\_